



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA NAS RUTAS DE ACCESO POLO NORTE Á CIDADE DE LUGO

Termo municipal: COSPEITO

Clave: LU/22/055.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 22 de outubro de 2024

Lugo, 17 de setembro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3123

Término municipal de:	COSPEITO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-22-055-06

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
1	GARCIA CASTRO JACINTO	C/ BASANTA SILVA Nº 4-1 - 1ª c 27800 VILALBA

R. 2758

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA NAS RUTAS DE ACCESO POLO NORTE Á CIDADE DE LUGO

Termo municipal: RIORTORTO

Clave: LU/22/055.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 22 de outubro de 2024

Lugo, 17 de setembro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3124

Término municipal de:	RIORTORTO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-22-055-06

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
25	VARELA GAVÍN JOSÉ LUIS	LG. VILAR DE SANTIAGO Nº 12 27743 RIORTORTO (LUGO)
25	VARELA VEIGA CELIA	LG. VILAR DE SANTIAGO Nº 12 27743 RIORTORTO (LUGO)
25	VARELA GAVÍN JOSÉ ANTONIO	LG. VILAR DE SANTIAGO Nº 12 27743 RIORTORTO (LUGO)

R. 2759

CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE CHANTADA

Unha vez finalizado o proceso selectivo convocado polo sistema de concurso oposición para o ingreso nas prazas de persoal laboral fixo no Concello de Chantada incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 (BOP núm.120, do 27.05.2022) por resolución da alcaldía de data 18 de setembro de 2024 se acordou nomear como persoal laboral fixo do Concello de Chantada aos candidatos propostos polo Tribunal cualificador que de seguido se relacionan:

APELIDOS, NOME	NIF	PRAZA	G	XORNADA
GONZÁLEZ AGUIAR, BEGOÑA	****426N	TECNICA TURISMO	III	COMPLETA/ DISCONTINUO 6 MESES
GARCÍA EIRIZ, FRANCISCO JOSÉ	*****153A	MONITOR DEPORTIVO	IV	COMPLETA
CORTES MORENO, MARIA JOSÉ	****239T	MONITOR DEPORTIVO	IV	COMPLETA
CORRAL FERNÁNDEZ, MIGUEL	****033S	MONITOR DEPORTIVO	IV	COMPLETA

Chantada, 18 de setembro de 2024.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2769

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 17/09/2024 resolveuse aperturar a bolsa de traballo temporal de auxiliares do servizo de axuda no fogar do Concello de Folgoso do Courel constituída por Decreto de data 10/05/2023 e convocar o proceso selectivo para a ampliación da referida bolsa, así como tamén aperturar a mesma de cara a actualización de méritos dos e das persoas que xa forman parte dela. O prazo para presentar as

solicitudes correspondentes será de **10 días naturais** a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases encóntranse publicadas na sede electrónica do Concello.

Folgozo do Courel, 17 de setembro de 2024.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2760

FRIOL

Anuncio

DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO,

Visto anuncio enviado ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 11 de setembro de 2024 e publicado o 14 de setembro do mesmo ano no BOP nº 214, obsérvase erro na publicación do mesmo, e, no artigo 1.4 das bases que rexerán a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro dual de emprego “CUMES DA TERRA CHÁ VII “, **donde di:** “A contratación laboral deberá comezar nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego CUMES DA TERRA CHÁ VII, que remata o 14/11/2023.” **debería poñer :** “A contratación laboral deberá comezar nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego CUMES DA TERRA CHÁ VII, que remata o 14/11/2024”

Esta modificación non interrompe prazos de exposición pública.

Friol, 17 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2761

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO PARA SELECCIONAR 17 PRAZAS PARA A ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE GUNTÍN

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 16/09/2024, aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 17/09/2024 aprobou as bases para seleccionar 17 PRAZAS PARA A ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE GUNTÍN: 17 PRAZAS DE AXILIAR DE AXUDA NO FOGAR. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. XORNADA COMPLETA. DURACIÓN DO CONTRATO: MÁXIMO SEIS MESES POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN E A CREACIÓN DE NOVA BOLSA DE RESERVA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SAF, DE DURACIÓN MÁXIMA DE TRES ANOS QUE SUBSTITUE ÁS ANTERIORES.

- Modalidade de contratación: contrato por circunstancias de produción ou substitución de persoal traballador.
- Xornada: completa, de luns a domingo, festivos incluídos, segundo necesidades do servizo.
- Duración de contrato: máximo 6 meses.
- Duración da bolsa de reserva: 3 anos.
- Salario: a retribución mensual bruta será de : 1.145'89 euros brutos ao mes máis 75 euros de plus de quilometraxe.
- Funcións: Atencións domésticas: todas aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma continua no fogar relacionadas coa alimentación, limpeza, mantemento da vivenda, etc., Atencións persoais: actividades relativas a facilitar ao apoio social efectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e mobilización dentro do fogar; Axuda ás persoas dependentes.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**.

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- páxina web: : www.guntin.es

- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 17 de setembro de 2024.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 2762

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Convocatoria de Axudas á Escolarización 2024/2025.-

Dende fai algúns anos, e con soporte no xa derogado artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o concello ven convocando anualmente a concesión de axudas á escolarización de nenos, identificando como gasto subvencionable o material escolar vencellado á escolarización obrigatoria.

O artigo 28 foi derogado pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade de administración local, se ben o artigo 3.3.b. da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite seguir a prestar a actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, cal é o caso das axudas á escolarización.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Aprobar a seguinte convocatoria de axudas á escolarización:

Primeiro: Obxecto e condicións da concesión da subvención:

A presente convocatoria ten por obxecto o fomento da escolarización dos nenos veciños de Outeiro de Rei, mediante a financiación da compra de material escolar destinado ó curso escolar 2024-2025.

A tal fin, unicamente serán subvencionables os gastos de escolarización cuxa realización se xustifique mediante recibo do colexio firmado e selado donde estea matriculado o interesado e/ou factura orixinal expedida durante o presente ano 2024 e ata o remate do prazo de presentación de solicitudes.

Os gastos de escolarización subvencionables serán os seguintes: cadernos de exercicios, bolígrafos, lápices ou demais material gráfico; bolsas, mochilas e outros elementos de transporte de material escolar; dicionarios; atlas; libros; libretas; e outros materiais directamente relacionados co desenrolo de actividades formativas escolares.

Segundo: Crédito orzamentario.

A presente convocatoria implica unha autorización de creto de 10.000 euros, a imputar a partida orzamentaria 326.48, do estado de gastos do Orzamento Xeral do Concello de Outeiro de Rei para o exercicio 2024.

Terceiro: Procedemento de outorgamento.

O outorgamento das subvencións terá carácter regrado, non existindo concorrencia competitiva entre os solicitantes. O outorgamento da subvención verá dado, exclusivamente, pola acreditación dos requisitos a que se fai referencia no artigo seguinte.

O órgano competente para o outorgamento da subvención será a Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei.

O prazo para dictar e notificar a resolución do procedemento é de tres meses, que comezará a computar dende o día seguinte ó da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Unha vez transcorrido o citado prazo sen que se dictare e notificare a resolución definitiva, as solicitudes poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo.

Contra a denegación por silencio administrativo da solicitude, o interesado poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local deste Concello no prazo de tres meses a contar dende o día seguinte ó que se produzan os efectos do silencio ou ben, interpoñer directamente recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Lugo, no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte ó que se produzan os efectos do silencio.

No caso de insuficiencia do creto autorizado para atender as solicitudes presentadas, o outorgamento das axudas farase por orde de presentación da solicitude no rexistro xeral da entidade, ata o agotamento do creto consignado.

A publicación dos sucesivos actos do procedemento se realizará mediante a exposición de anuncios no taboeiro de edictos do Concello.

Cuarto: Requisitos dos beneficiarios.

Os beneficiarios das axudas deberán:

- Estar empadroados no Concello de Outeiro de Rei.
- Estar cursando estudos de educación infantil de 2º ciclo, educación primaria, educación secundaria obrigatoria (E.S.O.) (P.C.P.I.), bacharelato, formación profesional de grado medio, ensinanza profesional de artes plásticas e deseño de grado medio, e as ensinanzas deportivas de grao medio.
- Non obter axudas para o mesmo fin de outras administracións públicas. Non poderán ser obxecto de axuda as actividades subvencionadas no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións doutras AAPP, cando o importe destas últimas cubra o 100% da actividade para realizar. En caso contrario, poderá ser subvencionable e complementado o importe da actividade na contía restante ata chegar ao total do importe da actuación.

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes e documentación a presentar polos solicitantes.

Os solicitantes das axudas deberán presentar nas oficinas municipais, no prazo máximo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI de tódolos membros da unidade familiar.
- Fotocopia compulsada de tódalas follas do libro de familia.
- Última declaración da renda ou, no caso de non presentala, certificado negativo da delegación de economía e facenda.
- Declaración xurada de outras axudas obtidas para a adquisición de libros de texto.
- Certificado de estar o corrente nas obrigas tributarias municipais.
- Certificado do centro escolar no que conste matriculado o interesado.
- Facturas orixinais que acrediten o gasto realizado, e/ou recibo do colexio firmado e selado donde estea matriculado o interesado.

Sexto: Criterios obxetivos de concesión das axudas.

As axudas determinaranse mediante a aplicación dos seguintes baremos, de xeito que, en función da renda acreditada da unidade familiar (cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio 2.023, sumarase a base imponible xeral “recadro 435” e a base imponible de aforro “recadro 460”; cando non presentase, sumarase os ingresos netos obtidos durante o exercicio 2.023), subvencionarase por cada fillo (e en función do número de fillos que integren dita unidade familiar) o porcentaxe fixado da contía total xustificada.

NIVEL DE RENTA NUMERO DE FILLOS.

	1 fillo	2 fillos	3 fillos ou máis
Ata 15.000 euros	60%	70%	80%
De 15.000,01 a 25.000 euros	50%	60%	70%
De 25.000,01 a 35.000 euros	40%	50%	60%

A contía máxima xustificada por beneficiario non poderá superar a cantidade de 350 euros.

Non obstante, no caso de que os beneficiarios cursen estudos de bacharelato, formación profesional de grado medio, ensinanza profesional de artes plásticas e deseño de grado medio, e as ensinanzas deportivas de grao medio, a contía máxima xustificable será de 400 euros.

Outeiro de Rei, 12 de setembro de 2.024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2763

Anuncio

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei aprobou en data 8 de agosto de 2024, de forma inicial, o Regulamento interno do servizo da piscina municipal.

Por este motivo sométese a información pública neste diario, para que todos os interesados poidan presentar todas as alegacións que estimen convenientes.

No caso de haber alegacións, serán sometidas a consideración do Pleno para a súa aprobación definitiva. De non haberlas, a aprobación provisional será considerada aprobación definitiva.

4º.- O texto aprobado definitivamente será publicado no BOP de Lugo a efectos da súa entrada en vigor

Pode accederse o seu contido na sede electrónica do Concello de Outeiro de Rei, taboleiro de anuncios.

Outeiro de Rei, 16 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2764

A PONTENOVA

Anuncio

RESULTADOS DO PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO DOS SEGUINTE POSTOS:

➤ Persoal laboral fixo a tempo completo:

- 9 postos de auxiliar de axuda no fogar
- 1 posto de persoal grupo emerxencias supramunicipais
- 1 posto de operario

➤ persoal laboral fixo a tempo parcial:

- 1 posto de profesor escola música municipal - especialidade percusión
- 1 posto de profesor escola música municipal - especialidade piano
- 1 posto de profesor escola música municipal - especialidade guitarra

Rematado o proceso libre excepcional para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo dos postos de referencia, de conformidade coa base oitava da convocatorias, fase público o resultado dos procesos citados.

O tribunal propuxo a contratación dos candidatos/as que obtiveron a maior puntuación no concurso de méritos:

- **Auxiliar de Axuda no Fogar (9 postos)**

NOME E APELIDOS	D.N.I.
BELLAS LÓPEZ, MARÍA JOSÉ	***7615**
CASTAÑO LINARES, MARÍA LUISA	***7461**
FERNÁNDEZ FREIJE, TERESA	***7342**
FERNÁNDEZ VIDAL, SONIA	***7718**
GONZÁLEZ GÓMEZ, HERMINIA	***2690**
LASTRA MURIAS, MARÍA	***7041**
RICO COBAS, MARGARITA	***7032**
SALGADO DÍAZ, MARÍA TERESA	***6671**
VEIGA FERNÁNDEZ, MARÍA EDITA	***1803**

- **Persoal Grupo Emerxencias Municipais (1 posto)**

NOME E APELIDOS	D.N.I.
VEGA LOMBARDERO, JESÚS	***2070**

- **Operario (1 posto)**

NOME E APELIDOS	D.N.I.
MÉNDEZ CONDE, JOSÉ LUIS	***5421**

- **Profesor Escola Música Municipal especialidade percusión (1 posto)**

NOME E APELIDOS	D.N.I.
LÓPEZ BUJÁN, MIGUEL ANXO	***7409**

- **Profesor Escola Música Municipal especialidade piano (1 posto)**

NOME E APELIDOS	D.N.I.
VARELA BELLO, MANUEL	***4498**

- **Profesor Escola Música Municipal especialidade guitarra (1 posto)**

NOME E APELIDOS	D.N.I.
SANTALICES BLANCO, MIGUEL EMILIO	***2714**

Os aspirantes propostos, achegarán no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, a documentación relacionada na base segunda.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, os seleccionados non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato/ta, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

A Pontenova, 18 de setembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Dario Campos Conde.

R. 2770

RIOTORTO

Anuncio

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de subministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao segundo cuadrimestre de 2024, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte ao do remate do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fixase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 27 de setembro e o 28 de outubro de 2024.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 17 de setembro de 2024.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2765

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO- AMPLIACIÓN BOLSA SAF.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 17.09.2024 aprobou a convocatoria e as bases para ampliación de bolsa de reserva creada en data 20.06.2024 para cubrir baixas ou vacacións do SAF.

- Modalidade de contratación: contrato temporal.
- Xornada: completa.
- Salario e seguridade social: 1.323,00 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- Funcións: Atencións doméstica, Atencións persoais, Axuda ás persoas dependentes.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no Boletín oficial da Provincia de Lugo.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 17 de setembro de 2024.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2766

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz SUBSTITUTO/A de CASTROVERDE (LUGO).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinala a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “ Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”.
NON	

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculpado nin procesado.**

V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual.**

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.
A Coruña, 10 de setembro de 2024.- O SECRETRARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 2767
